

CONDICIÓNS XERAIS E PARTICULARES DE USO DOS ESPAZOS DISPOÑIBLES DO MUSEO PEDAGOXICO DE GALICIA

1.- CONSIDERACIÓNS XERAIS

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece non seu artigo 27.18º a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de arquivos, bibliotecas e museos de interese para Galicia, que non sexan de titularidade estatal; e non seu artigo 37.2º determina que lle corresponde á Xunta de Galicia a potestade regulamentaria en materias da súa competencia exclusiva.

De conformidade co previsto no artigo 4 do Decreto 268/2000, de 2 novembro, de creación do Museo Pedagógico de Galicia á Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade correspóndelle a xestión xeral do Museo Pedagógico de Galicia, o cal, polos seus fins é un centro específico da Consellería competente en materia de educación, destinado a recuperar, salvagardar, estudar, mostrar e difundir todas aquelas expresións educativas que poñan de manifesto a variedade e riqueza do patrimonio pedagógico de Galicia, posibilitando así a súa catalogación, sistematización e custodia. Deste xeito, asegúrase a súa permanencia no tempo, foméntase a súa indagación científica e propíciase a súa transmisión como legado vivo.

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia acordou o 26 de outubro de 2006 o recoñecemento do Museo Pedagógico de Galicia como museo de contido pedagógico e científico-técnico de ámbito autonómico galego, e os seus obxectivos son os seguintes:

a.-A recuperación, conservación, estudo e mostra daquelas producións e bens patrimoniais de interese para a historia da educación e da memoria colectiva da Comunidade Autónoma de Galicia.

b.-A realización de mostras de carácter temporal ou permanente con fondos depositados na propia institución ou cedidos por outras entidades.

c.-A promoción de proxectos, publicacións e outro tipo de actividades que contribúan a recuperar a memoria educativa de Galicia e a dinamizar a súa realidade pedagóxica.



2. CONDICIÓN XERAIS E PARTICULARES DA CESIÓN DE USO DOS ESPAZOS DISPOÑIBLES

O Museo Pedagógico de Galicia a solicitude de órganos das administracións públicas, os seus organismos autónomos e as entidades do sector público dependentes ou vinculadas a calquera dos mesmos, sempre que dispoña de espazos libres poderá acoller determinados actos que non teñan ánimo de lucro, e persigan unha finalidade axeitada aos obxectivos do centro, segundo o previsto no Decreto 268/2000, de creación.

Os espazos dispoñibles dos que dispón o museo son os seguintes:

- A biblioteca, con capacidade para 20 persoas
 - O salón de actos con 112 butacas
- Ambos os dous equipados de tecnoloxía multimedia.

2.1 -Condicións xerais de uso

A celebración de calquera acto no espazo dispoñible do Museo Pedagógico de Galicia estará en todo caso suxeita ás seguintes condicións:

- 1.-O desenvolvemento do acto non prexudicará a exhibición ao público das coleccións do Museo Pedagógico de Galicia nin afectará á debida conservación dos seus fondos.
- 2.-Respectaranse todas ás normas de seguridade que emita a Dirección do Museo Pedagógico de Galicia, así como a normativa xeral de comportamento no interior.
- 3.-Na edición de folletos, cartelería ou sinalización, no convite ao acto ou en calquera outro medio de divulgación deste respectarase a normativa sobre a imaxe institucional da Xunta de Galicia.
- 4.-A utilización do espazo e a realización da actividade de que se trate, levarase a cabo por conta e risco do organizador, asumindo pola súa conta, a responsabilidade de todos os danos materiais e persoais que eventualmente se produzan.

2.2.-Condicións particulares

- 1.-Atendendo ás necesidades de conservación do edificio ou dos obxectos que poidan verse afectados pola celebración do acto, o Museo Pedagógico de Galicia poderá

establecer outras condicións particulares, que de ser o caso, se farán constar na correspondente autorización.

2.-Para garantir as axeitadas condicións de seguridade, poderá requirirse ao promotor que asuma a contratación de recursos adicionais de seguridade e limpeza a empresas legalmente constituídas e autorizadas para actuar neste ámbito.

3- PROCEDIMIENTO PARA AUTORIZAR A CESIÓN DO USO DE ESPAZOS DISPOÑIBLES DO MUSEO PEDAGÓXICO DE GALICIA.

1.- Existencia de solicitude por parte do organismo público ou entidade do sector público interesado a través do formulario online dispoñible na páxina web do Museo Pedagógico de Galicia. O feito de formular a solicitude implicará a aceptación das presentes condicións.

2.- A solicitude estará dirixida á Dirección do Museo Pedagógico de Galicia, quen outorgará a pertinente autorización, e a oportuna reserva do espazo solicitado, sen prexuízo que queden condicionadas ás necesidades de carácter cultural e interese xeral que eventualmente puideran producirse con posterioridade.

3. Xunto coa solicitude incluírase unha memoria na que se deberá especificar os seguintes extremos:

a.- Obxectivos e fins do acto que se pretende realizar, que en todo caso, deberán ser acordados cos obxectivos e fins do Museo Pedagógico de Galicia.

b.-Responsables da organización do evento.

c.-Aspectos técnicos inherentes á utilización do espazo, especificando ás características do uso que se solicita, de ser o caso, tipo de medidas de seguridade que se precisen, ou outras circunstancias.

d.- Datos de celebración do acto e horarios.

e. -Información relativa aos actos programados, de ser o caso, rolda de prensa, invitacións e outras circunstancias significativas.

f.- Se a finalidade da utilización do espazo fora realizar unha mostra deberá indicarse o valor económico dos elementos que a compoñen, de ser o caso, obxectos ou material expositivo.